



Expediente nº: 2982/2016

Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL

Día e Hora da Reunión: 22 de abril de 2016, 8:30 HORAS

Lugar de Celebración: SALA CONCELLEIROS CASA DO CONCELLO

Asistentes: M^a CARMEN AMOEDO DASILVA, ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO, ANA ISABEL REY GÓMEZ, JOSÉ BERNARDO CRESPO ABAL, XOÁN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO.

Ausentes: LEONARDO CABALEIRO COUÑAGO, RAQUEL QUINTÁNS COSTOYA

Orde do Día: ÚNICO.- INFORMACIÓN ESTADO TRAMITACIÓN PXOM.

[ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL](#)

INCIDENCIAS:

Non asisten excusando a súa asistencia os membros enumerados á marxe. (Artigo 50 ROC).

Na casa do concello de Redondela, previa convocatoria, reuníronse na SALA CONCELLEIROS CASA DO CONCELLO os/as devanditos/as concelleiros/as baixo a presidencia de Dona. M^a Carmen Amoedo Dasilva, asistidos de min, a Secretaria da comisión, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia declarouse aberta a xuntanza sendo as 8:30 HORAS, pasándose a tratar o seguinte punto da orde do día:

ÚNICO.- INFORMACIÓN ESTADO TRAMITACIÓN PXOM.

Pola Presidencia expouse aos asistentes a situación na que se atopa a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, informando que de acordo coas indicacións do último oficio remitido polo Servizo de Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia iniciouse novamente a tramitación do Plan pola entrada en vigor da nova Lei do Solo de Galicia.

Deseguido o Sr. González Campo e o Sr. Crespo Abal, manifestan que entendían que ían asistir á xuntanza os membros do equipo redactor xa que querían facerlles cuestións, ao que a Presidenta Sra. Amoedo Dasilva comunica que convocarase no seu día unha xuntanza para que asista o equipo redactor para tratar as cuestións.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levantouse a xuntanza sendo as oito e corenta e cinco minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, do que, como Secretaria, dou fé.